

CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS
INFORME SOBRE A SITUACIÓN SOCIOLABORAL DE GALICIA. 2022

— CAPÍTULO 1 —



CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS
INFORME SOBRE A SITUACIÓN SOCIOLABORAL DE GALICIA. 2022

— CAPÍTULO 1 —

A ECONOMÍA GALEGA EN 2022



CONSELLO GALEGO
DE RELACIÓNS LABORAIS

EDITA: Consello Galego de Relacións
Laborais (CGRL)
Algalia de Abaixo, 24
Tel.: 981 541 601
Santiago de Compostela

ISSN: 2386-2866

CERTIFICACIÓN:

Cristina Fabeiro Varela
Secretaria do Consello Galego de Relacións Laborais

CERTIFICA

Que no pleno extraordinario realizado o 02/11/2023 acordouse
tomar en consideración e publicar o Informe sobre a situación
sociolaboral de Galicia en 2022, elaborado por encargo do
Consello Galego de Relacións Laborais

Santiago de Compostela, 2 de novembro de 2023

MARÍA BASTIDA DOMÍNGUEZ

PROFESORA CONTRATADA DOUTORA NO DEPARTAMENTO
DE ORGANIZACIÓN DE EMPRESAS E COMERCIALIZACIÓN
NA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

SANTIAGO LAGO PEÑAS

CATEDRÁTICO DE ECONOMÍA APLICADA E DIRECTOR DO
GRUPO DE INVESTIGACIÓN GEN DA UNIVERSIDADE E VIGO

ALBERTO VAQUERO GARCÍA

PROFESOR TITULAR DE ECONOMÍA APLICADA E MEMBRO
DO GRUPO DE INVESTIGACIÓN GEN DA UNIVERSIDADE E VIGO

1.1. CONTORNA INTERNACIONAL E ESTATAL

1.1.1. CONTORNA INTERNACIONAL

CADRO 1.1. ECONOMÍA INTERNACIONAL: % DE VARIACIÓN DO PIB, IPC E TAXA DE PARO. 2013-2022

1.1.2. CONTORNA ESTATAL

CADRO 1.2. PORCENTAXES DE VARIACIÓN ANUAL DO PIB REAL. GALICIA E ESPAÑA. 2007-2022

CADRO 1.3. TAXA DE CRECEMENTO ⁽¹⁾ DO PIB. POR CC.AA. 2021

CADRO 1.4. PIB POR HABITANTE EN EUROS. POR CC.AA. 2021

CADRO 1.5. RELACIÓN DO PIB PER CÁPITA DAS CC.AA. RESPECTO DO ESTATAL. 2020-2021

CADRO 1.6A. PIB POR HABITANTE (EN EUROS). GALICIA E ESPAÑA. 2008-2021⁽¹⁾

CADRO 1.6B. PIB POR HABITANTE (EN EUROS). CC.AA. SOBRE ESPAÑA. 2021

CADRO 1.7. EVOLUCIÓN DO PIB POR HABITANTE ⁽¹⁾. GALICIA/UE. 2005-2021

CADRO 1.8. EVOLUCIÓN DO PIB POR HABITANTE ⁽¹⁾. ESPAÑA/UE. 2005-2021

CADRO 1.9. CONVERXENCIA COA UE ⁽¹⁾. POR CC.AA. 2021. 2011-2021

1.2. CRECEMENTO ECONÓMICO GALEGO

1.2.1. A PERSPECTIVA DA DEMANDA

CADRO 1.10. PIB DE GALICIA. COMPOÑENTES DA DEMANDA. 2013-2022

CADRO 1.11. PIB DE GALICIA. COMPOÑENTES DA DEMANDA. POR TRIMESTRES. 2022

1.2.2. A PERSPECTIVA DA OFERTA

CADRO 1.13. PIB DE GALICIA. COMPOÑENTES DA OFERTA. 2013-2022

CADRO 1.13. PIB DE GALICIA. COMPOÑENTES DA OFERTA. POR TRIMESTRES. 2022

CADRO 1.14. PIB* A PREZOS DE MERCADO DAS PROVINCIAS GALEGAS. 2010-2020

1.2.4. AS CIFRAS DE EXPLOTACIÓNS GANDEIRAS DE VACÚN DE ORIENTACIÓN LEITEIRA

CADRO 1.15. PRODUCCIÓN DE LEITE*. POR CC.AA. 2021

CADRO 1.16. PREZO DO LEITE. POR CC.AA. ABRIL 2023

CADRO 1.17. PREZOS DO LEITE. DECLARADOS POLOS COMPRADORES. POR MESES. GALICIA 2022

CADRO 1.18. PREZO DO LEITE EN GALICIA DECLARADO POLOS COMPRADORES (EUROS/100 LITROS. SEN IVE) 2022

1.3. VARIACIÓNS DO PIB E DO EMPREGO: A PRODUTIVIDADE

1.3.1. BALANCE DO MERCADO DE TRABALLO

1.3.1.1. BALANCE DE INDICADORES LABORAIS A PARTIR DOS DATOS DA EPA

CADRO 1.19. BALANCE DO MERCADO DE TRABALLO. POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS. 2022

1.3.1.2. BALANCE DE INDICADORES LABORAIS COS DATOS DAS CONTAS ECONÓMICAS DE GALICIA

CADRO 1.20. EMPREGO* SEGUNDO ACTIVIDADE ECONÓMICA. GALICIA. 2013-2022

CADRO 1.21. PORCENTAXE DE VARIACIÓN INTERANUAL DO EMPREGO* SEGUNDO ACTIVIDADE. GALICIA. 2016-2022

CADRO 1.22. PORCENTAXE DE VARIACIÓN INTERANUAL DO EMPREGO* SEGUNDO ACTIVIDADE. GALICIA 2008-2022

CADRO 1.23. EMPREGO ASALARIADO* SEGUNDO ACTIVIDADE ECONÓMICA GALICIA. 2013-2022

1.3.2. PRODUTIVIDADE DO TRABALLO E COMPETITIVIDADE EMPRESARIAL

CADRO 1.24. PRODUTIVIDADE APARENTE NOMINAL DO TRABALLO*. 2012-2022

1.4. BENESTAR ECONÓMICO-SOCIAL: TAXAS DE POBREZA; ALTA DESIGUALDADE

1.4.1. DIFICULTADES ECONÓMICAS DOS FOGARES

CADRO 1.25. DIFICULTADES ECONÓMICAS DOS FOGARES. POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS. 2022

1.4.2. INGRESOS MEDIOS POR PERSOA E POR FOGAR

CADRO 1.26. CLASIFICACIÓN DAS CC.AA. DE MAIOR A MENOR INGRESO MEDIO ANUAL POR PERSOA. 2022

CADRO 1.27. EVOLUCIÓN DOS INGRESOS MEDIOS ANUAIS POR FOGAR E POR PERSOA. ESPAÑA. 2010-2022

1.4.3. A POBOACIÓN EN RISCO DE POBREZA

CADRO 1.28. CLASIFICACIÓN DE MENOR A MAIOR POR TAXA DE POBREZA. POR CC.AA. 2022

CADRO 1.29. EVOLUCIÓN DA TAXA DE POBREZA. GALICIA E ESPAÑA. 2008-2022

1.4.4. DISTRIBUCIÓN DA RENDA

CADRO 1.30. POBOACIÓN POR QUINTIL DE RENDA POR UNIDADE DE CONSUMO. POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS. 2022

1.5. PARTICIPACIÓN DOS SALARIOS NO VEB. CUSTOS LABORAIS E SALARIAIS

1.5.1. PESO DAS REMUNERACIÓNS SALARIAIS NO PIB DE GALICIA, ESPAÑA E A UE

CADRO 1.31. PORCENTAXE DA REMUNERACIÓN DAS PERSOAS ASALARIADAS NO PIB. GALICIA. ESPAÑA. EUROPA. 2000-2022

1.5.2. CUSTOS LABORAIS. XORNADA LABORAL

CADRO 1.32. CUSTOS LABORAIS. POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS. GALICIA, ESPAÑA E EUROPA. CUARTO TRIMESTRE DO 2022

CADRO 1.33. CUSTOS SALARIAIS. POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS. CUARTO TRIMESTRE DO 2022

CADRO 1.34. XORNADA LABORAL. POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS. CUARTO TRIMESTRE DO 2022

CADRO 1.35. VACANTES OU MOTIVOS POLOS QUE NON EXISTEN. POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS. CUARTO TRIMESTRE DO 2022

1.5.3. O SALARIO MÍNIMO INTERPROFESIONAL (SMI)

CADRO 1.36. SALARIO MÍNIMO INTERPROFESIONAL. ESPAÑA E OUTROS ESTADOS DA UE. 2022

CADRO 1.37. SALARIO MÍNIMO INTERPROFESIONAL. ESPAÑA. 2008-2023

1.6. A VARIACIÓN DO IPC

CADRO 1.38A. PORCENTAXE DE VARIACIÓN DO IPC. GALICIA E ESPAÑA. 2006-2022

CADRO 1.38B. PORCENTAXE DE VARIACIÓN DO IPC. 2022

CADRO 1.39A. INFLACIÓN SUBXACENTE*. GALICIA E ESPAÑA. 2009-2022

CADRO 1.93B. INFLACIÓN SUBXACENTE. 2022

CADRO 1.40A. IPC POR GRUPOS DE GASTO. GALICIA. 2009-2022

CADRO 1.40B. IPC POR GRUPOS DE GASTO. POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS. 2022

1.7. COMERCIO EXTERIOR

1.7.1. COMERCIO INTERNACIONAL GALEGO

CADRO 1.41. COMERCIO EXTERIOR DE GALICIA (E DISTRIBUCIÓN PROVINCIAL). INDICADORES BÁSICOS. 2022

CADRO 1.42. COMERCIO EXTERIOR DE ESPAÑA. POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS. INDICADORES BÁSICOS. 2022

1.7.2. COMERCIO GALEGO CON OUTRAS COMUNIDADES AUTÓNOMAS

CADRO 1.43. EXPORTACIÓNS E IMPORTACIÓNS DE BENS E SERVIZOS EN GALICIA. 2015-2022

1.1. CONTORNA INTERNACIONAL E ESTATAL

1.1.1. CONTORNA INTERNACIONAL

O obxectivo deste capítulo é analizar a situación da economía galega no ano 2022, dende unha dobre perspectiva: estatal e internacional. En 2022, tras os efectos da COVID-19 en 2020 e a posterior recuperación en 2021, a economía reflicte un bo comportamento.

No [cadro 1.1](#) figuran os índices de variación do PIB, as taxas de desemprego e os prezos en China, EE UU, Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económico (OCDE), Unión Europea (UE) e Unión Económica e Monetaria (UEM) no período 2013-2022. No caso da UE, achéganse os datos dos catro Estados con maior PIB: Alemaña, Francia, Italia e España.

Despois do forte retroceso do PIB no ano 2020 tanto na OCDE (-4,8%) coma na UE27 (-5,6%), en 2021 o comportamento foi compensatorio, cun crecemento do 5,5% e 5,4%, respectivamente. En 2022, o crecemento foi xa algo menor (2,9% para a OCDE e 3,5% para a UE27). En España rexistrouse un aumento do PIB en 2022 do 5,5%, por riba da media da UE27 e do incremento experimentado en Reino Unido (4,1%), Italia (3,7%), Francia (2,6%) ou Alemaña (1,8%), e mesmo do de EE UU (2,1%). Dos países recollidos neste cadro España presenta o maior incremento do PIB. Porén, recupérase só a metade do perdido no exercicio anterior.

As taxas de desemprego pasaron do 6,2% en 2021 na OCDE ao 5,0% en 2022, 7,0% na UE27 en 2021 ao 6,2% en 2022. En España o descenso foi do 14,8% ao 13,0%.

No que atinxe á variación porcentual de índice de prezos ao consumo (IPC), cabe salientar:

- O moi notable aumento do IPC (9,6% en 2022) para o conxunto da OCDE e para a UE27 (9,2%). Estes datos contrastan cos de 2021 (4,0% e 2,9%, respectivamente).
- O elevado incremento do IPC en España en 2022 (8,3%), que contrasta co rexistrado para 2021 (3,0%).

CADRO 1.1. ECONOMÍA INTERNACIONAL:% DE VARIACIÓN DO PIB, IPC E TAXA DE PARO.
2013-2022

Período	OCDE	Unión Europea						Reino Unido	EEUU	China ⁽³⁾
		UE27	UEM	España	Alemania	Francia	Italia			
PIB ⁽¹⁾										
2013	1,6	-0,1	-0,2	-1,4	0,4	0,6	-1,8	1,8	1,8	7,8
2014	2,2	1,6	1,4	1,4	2,2	1,0	0,0	3,2	2,3	7,4
2015	2,5	2,3	2,0	3,8	1,5	1,1	0,8	2,4	2,7	7,0
2016	1,8	2,0	1,9	3,0	2,2	1,1	1,3	2,2	1,7	6,8
2017	2,7	2,8	2,6	3,0	2,7	2,3	1,7	2,4	2,2	6,9
2018	2,3	2,1	1,8	2,3	1,0	1,9	0,9	1,7	2,9	6,7
2019	1,6	1,8	1,6	2,0	1,1	1,8	0,5	1,6	2,3	6,1
2020	-4,8	-5,6	-6,1	-11,3	-3,7	-7,8	-9,0	-11,0	-2,8	2,1
2021	5,5	5,4	5,3	5,5	2,6	6,8	7,0	7,6	5,9	.
2022	2,9	3,5	3,5	5,5	1,8	2,6	3,7	4,1	2,1	.
Taxa desempleo										
2013	7,9	11,6	12,2	26,1	5,3	9,9	12,4	7,6	7,4	4,0
2014	7,4	11,0	11,7	24,5	5,0	10,3	12,8	6,2	6,2	3,6
2015	6,8	10,2	11,0	22,1	4,7	10,4	12,0	5,4	5,3	3,4
2016	6,8	9,3	10,1	19,6	4,1	10,1	11,7	4,9	4,9	3,1
2017	5,9	8,3	9,1	17,3	3,8	9,4	11,3	4,5	4,4	2,8
2018	5,5	7,4	8,2	15,3	3,4	9,0	10,6	4,1	3,9	2,4
2019	5,4	6,8	7,6	14,1	3,2	8,5	9,9	3,8	3,7	.
2020	7,1	7,2	8,0	15,5	3,9	8,0	9,3	4,6	8,1	.
2021	6,2	7,0	7,7	14,8	3,6	7,9	9,5	4,5	5,4	.
2022	5,0	6,2	6,7	13,0	3,1	7,3	8,1	4,0	3,7	.
IPC ⁽²⁾										
2013	1,6	1,3	1,4	1,5	1,6	1,0	1,2	2,6	1,2	2,6
2014	1,7	0,4	0,4	-0,2	0,8	0,6	0,2	1,5	1,3	2,0
2015	0,7	0,1	0,2	-0,6	0,7	0,1	0,1	0,0	-0,8	1,4
2016	1,2	0,2	0,2	-0,3	0,4	0,3	-0,1	0,7	0,6	2,0
2017	2,3	1,6	1,5	2,0	1,7	1,2	1,3	2,7	1,8	1,6
2018	2,6	1,8	1,8	1,7	1,9	2,1	1,2	2,5	2,2	2,1
2019	2,1	1,4	1,2	0,8	1,4	1,3	0,6	1,8	1,4	2,9
2020	1,3	0,7	0,3	-0,3	0,4	0,5	-0,1	0,9	0,8	2,5
2021	4,0	2,9	2,6	3,0	3,2	2,1	1,9	2,6	5,3	0,9
2022	9,6	9,2	8,4	8,3	8,7	5,9	8,7	9,1	8,7	.

(1) En porcentaxe de variación interanual. a prezos constantes.
(2) Índices armonizados de prezos de consumo.
(-) Información non dispoñible
Fonte: BCE, OCDE.

1.1.2. CONTORNA ESTATAL

Os datos para 2022 da Contabilidade nacional para España do Instituto Nacional de Estatística (INE), e as estimacións que fai o Instituto Galego de Estatística (IGE) que figuran no cadro 1.2, amosan que Galicia (3,8%) rexistrou un aumento menor do PIB ao experimentado a nivel nacional (5,5%), incrementándose o diferencial entre 2021 e 2022.

CADRO 1.2. PORCENTAXES DE VARIACIÓN ANUAL DO PIB REAL. GALICIA E ESPAÑA. 2007-2022																
	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020 (A)	2021 (P)	2022 (A)
Galicia	4,7	1,1	-4,1	0,5	-2,3	-3,1	-0,8	1,2	2,8	3,4	2,0	3,0	1,1	-8,8	5,2	3,8
España	3,6	0,9	-3,8	0,2	-0,8	-3,0	-1,4	1,4	3,8	3,0	3,0	2,3	2,0	-11,3	6,1	5,5

A: Estimación Avance.

P: Estimación Provisional.

Fonte: INE e IGE.

O cadro 1.3 recolle as taxas de crecemento do PIB por CC.AA. para 2021 (último ano con datos publicados) da Contabilidade rexional de España. Galicia acada un incremento (5,08%) algo menor ao experimentado a nivel nacional (5,52%). As CC.AA. que sofren un aumento maior foron Baleares (10,6%) e Canarias (7,03%). Aragón (4,4%) e Castela e León (4,27%) son as dúas CC.AA. que experimentan un menor incremento, aínda que superior ao aumento que tiveron as cidades autónomas de Ceuta e Melilla (3,96% e 4,08%, respectivamente).

CADRO 1.3. TAXA DE CRECEMENTO ⁽¹⁾ DO PIB. POR CC.AA. 2021	
	2020
Andalucía	5,45
Aragón	4,41
Asturias	5,53
Baleares	10,66
Canarias	7,03
Cantabria	5,62
Castela e León	4,28
Castela-A Mancha	4,78
Cataluña	5,78
C. Valenciana	5,58
Estremadura	4,58
Galicia	5,08
Madrid	5,35
Murcia	4,98
Navarra	5,88
País Vasco	5,49
A Rioxa	4,50
Ceuta	3,96
Melilla	4,08
España	5,52

2021 (Avance)

(1) En termos de volume.

Fonte: INE, Contabilidade rexional de España.

O cadro 1.4 recolle os datos do PIB por habitante en todas as CC.AA:

- O PIB per cápita en 2021 foi en Galicia de 23.499 euros (1.769 euros máis que en 2020), por baixo da media estatal (25.498 euros), que recolle un aumento de 1.890 euros respecto a 2020. Nove CC.AA. superaron a Galicia neste indicador económico, mentres que sete quedaron por baixo (máis as dúas cidades autónomas). A clasificación relativa de Galicia en 2021 non mudou respecto a 2020.
- Madrid (34.821 euros), País Vasco (32.925 euros), Navarra (31.024 euros) e Cataluña (29.942 euros) foron, igual que nos últimos anos, as comunidades con maior PIB por habitante.
- Estremadura (19.072 euros), Canarias (18.990 euros) e Andalucía (18.906 euros) foron as CC.AA. cun PIB por habitante máis baixo. Nesta lista tamén hai que incluír a cidade autónoma de Melilla, con 19.266 euros.

CADRO 1.4. PIB POR HABITANTE EN EUROS. POR CC.AA.
2021

	2021(A)
Madrid	34.821
País Vasco	32.925
Navarra	31.024
Cataluña	29.942
Aragón	28.912
A Ríoxa	27.279
España	25.498
Baleares	24.866
Castela e León	24.428
Cantabria	23.730
Galicia	23.499
Asturias	23.235
C. Valenciana	22.289
Ceuta	21.244
Murcia	21.236
Castela-A Mancha	20.655
Melilla	19.266
Extremadura	19.072
Canarias	18.990
Andalucía	18.906

(A) Avance.
Fonte: INE. Contabilidade rexional de España.

A posición relativa en PIB per cápita de cada comunidade e cidade autónoma, recollida no cadro 1.5, reflicte que no ano 2021:

- Galicia atópase aínda un 7,84% por baixo da media estatal.
- No nivel superior, Madrid superou nun 36,56% á media española e o País Vasco, nun 29,13%.
- As CCAA máis afastadas da media estatal son Extremadura (-25,20%), Canarias (-25,52%) e Andalucía (-25,85%).

CADRO 1.5. RELACIÓN DO PIB PER CÁPITA DAS CC.AA. RESPECTO DO ESTATAL.
2020-2021

	2020(P)	2021(A)
Madrid	36,95	36,56
País Vasco	28,51	29,13
Navarra	22,09	21,67
Cataluña	17,52	17,43
Aragón	12,85	13,39
A Ríoxa	8,72	6,98
Baleares	-8,71	-2,48
Castela e León	-2,89	-4,20
Cantabria	-6,61	-6,93
Galicia	-7,95	-7,84
Asturias	-11,27	-8,88
C. Valenciana	-11,98	-12,59
Ceuta	-16,14	-16,68
Murcia	-16,59	-16,72
Castela-A Mancha	-18,43	-18,99
Melilla	-23,52	-24,44
Extremadura	-24,46	-25,20
Canarias	-27,15	-25,52
Andalucía	-25,68	-25,85

(A) Avance; (p) Provisional
Fonte: INE. Contabilidade rexional de España.

A perspectiva estática do [cadro 1.5](#) complétase coa do [cadro 1.6a](#), que recolle a evolución comparativa do PIB por habitante en Galicia e España no período 2008-2021; e coa do [cadro 1.6b](#) que recolle para 2021 a situación relativa de todas as CC.AA. Compróbase que:

- O PIB per cápita de Galicia no 2021 foi de 23.499 euros (un aumento de 1.769 euros respecto a 2020).
- En termos relativos, mellorou lixeiramente a converxencia do PIB de Galicia coa media estatal no último ano (92,2%), que practicamente repite o resultado de 2020 (92,0%).

CADRO 1.6A. PIB POR HABITANTE (EN EUROS). GALICIA E ESPAÑA. 2008-2021 ⁽¹⁾														
	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021
Galicia	21.145	20.333	20.481	20.121	19.513	19.601	19.801	20.806	21.479	22.341	23.129	23.795	21.730	23.499
% Galicia/España	87,6	88,2	88,9	88,4	88,5	89,5	89,1	89,6	89,5	89,4	89,8	90,0	92,0	92,2

(1) Datos definitivos ata 2019. provisionais en 2020 e avance en 2021.
Fonte: INE, Contabilidade rexional de España.

CADRO 1.6B. PIB POR HABITANTE (EN EUROS). CC.AA. SOBRE ESPAÑA. 2021	
	2021(A)
Madrid	136,6
País Vasco	129,1
Navarra	121,7
Cataluña	117,4
Aragón	113,4
A Ríoxa	107,0
España	100,0
Baleares	97,5
Castela e León	95,8
Cantabria	93,1
Galicia	92,2
Asturias	91,1
C. Valenciana	87,4
Ceuta	83,3
Murcia	83,3
Castela-A Mancha	81,0
Melilla	75,6
Estremadura	74,8
Canarias	74,48
Andalucía	74,1

(A) Avance.
Fonte: INE, Contabilidade rexional de España.

A dinámica do PIB por habitante en Galicia en comparanza coa media da UE é un indicador do proceso de converxencia (ou de diverxencia) dos dous ámbitos territoriais. Ao fío da información fornecida no [cadro 1.7](#), Galicia avanzou ininterrompidamente dende 2005 a 2009. Porén, o proceso de converxencia dese cuadrinio freou de súpeto coa Gran Recesión. A partir de 2015 a situación mellora de novo ata situarse en 2019 no 82% do PIB da UE, pero en 2020, como consecuencia da pandemia, a porcentaxe caeu ata o 76,0%. Para o último ano dispoñible (2021), a diverxencia entre Galicia e a media da UE diminuíu lixeiramente ata acadar o 77%.

CADRO 1.7. EVOLUCIÓN DO PIB POR HABITANTE ⁽¹⁾ . GALICIA/UE. 2005-2021																	
	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021
%PIB Galicia/UE	85	89	90	89	89	86	82	80	81	81	82	82	83	82	82	76	77

(1) En paridade de poder adquisitivo. Media do PIB por habitante da UE27=100
Fonte: Eurostat.

O [cadro 1.8](#) reflicte que:

- España avanzou no bienio 2006-2007 en porcentaxe do PIB por habitante respecto da media da UE, pero de 2008 a 2013 ampliouse cada ano a diverxencia entre ambos os valores. A partir de 2014 rexístrase certa mellora, pero en ningún caso supera o 93% respecto ao PIB da UE.
- Os anos 2006 (cun 105%) e 2013 (cun 90,0%) marcan os niveis máximo e mínimo, respectivamente, da posición relativa de España na UE en PIB per cápita.
- En 2019 o indicador foi do 91,0%, un resultado idéntico ao obtido en 2018 e lixeiramente inferior (93%) ao resultado obtido en 2017. En 2020 e novamente polo efecto da pandemia, o indicador foi do 83,0%, repetíndose este resultado en 2021.

CADRO 1.8. EVOLUCIÓN DO PIB POR HABITANTE ⁽¹⁾.
ESPAÑA/UE. 2005-2021

	%PIB España/UE
2005	103
2006	105
2007	104
2008	102
2009	101
2010	96
2011	93
2012	91
2013	90
2014	90
2015	91
2016	92
2017	93
2018	91
2019	91
2020	83
2021	83

(1) En paridade de poder adquisitivo. Media do PIB por habitante da UE27=100
Fonte: Eurostat.

Todas as CC.AA. experimentaron un retroceso na súa converxencia coa UE entre 2011 e 2021. O [cadro 1.9](#) recolle a variación en 2021 do PIB por persoa por CC.AA. A partir dos datos presentados, pódese salientar que:

- Galicia ocupa o décimo posto (77%), un resultado lixeiramente inferior ao obtido en 2020 (78%).
- Só tres CC.AA. superaron en 2021 a media da UE-27 en renda por habitante: Madrid (114%), País Vasco (108%) e Navarra (101%).
- As tres CC.AA. con maior distancia en 2021 respecto da media da UE-27 en PIB por habitante foron: Extremadura, Andalucía e Canarias (todas cun 62%).

CADRO 1.9. CONVERXENCIA COA UE⁽¹⁾. POR CC.AA.
2021. 2011-2021

	% variación 2011-2021	% sobre PIB da UE en 2021
Madrid	-12	114
País Vasco	-11	108
Navarra	-13	101
Cataluña	-10	98
Aragón	-7	94
A Ríoxa	-11	89
España	-10	83
Baleares	-17	81
Castela e León	-7	80
Cantabria	-9	78
Galicia	-5	77

CONTINÚA NA PÁXINA SEGUINTE

		% variación	% sobre PIB
		2011-2021	da UE en 2021
	Asturias	-9	76
	C. Valenciana	-8	73
	Murcia	-7	69
	Castela-A Mancha	-7	67
	Estremadura	-3	62
	Andalucía	-8	62
	Canarias	-18	62

(1) En porcentaxe sobre a media do PIB por habitante da UE=100. En paridade de poder adquisitivo.
Fonte: Eurostat.

1.2. CRECEMENTO ECONÓMICO GALEGO

Este epígrafe afonda no estudo do PIB de Galicia entre 2013-2022. En concreto, faise a análise dende as perspectivas da demanda e máis da oferta, desagregando as compoñentes internas.

1.2.1. A PERSPECTIVA DA DEMANDA

A perspectiva da demanda ([cadro 1.10](#)) revisa a información publicada polo Instituto Galego de Estatística (IGE) nas Contas económicas trimestrais. Despois da mellora dos resultados en 2021 tras a pandemia, en 2022 obsérvase tamén un comportamento positivo en varios compoñentes da demanda: exportacións de bens e servizos (5,0%), formación bruta de capital (1,4%) e gasto en consumo final dos fogares e institucións sen fins de lucro ao servizos dos fogares (1,3%). Pola contra, o gasto en consumo final das administracións públicas e importacións de bens e servizos son as que recollen un decrecemento (-3,6% e -1,4%, respectivamente).

CADRO 1.10. PIB DE GALICIA. COMPOÑENTES DA DEMANDA. 2013-2022						
	Gasto en consumo final		Formación bruta de capital	Demanda Interna	Exportacións de bens e servizos	Importacións de bens e servizos
	Fogares e ISFLSF	AA. PP.				
2013	-2,8	-0,8	-12,1	-4,2	11,2	3,6
2014	-0,6	-1,2	6,6	0,4	-2,1	-3,3
2015	1,4	1,4	3,3	1,7	2,3	0,2
2016	1,9	1,5	0,9	1,7	5	1,6
2017	3,1	2,2	7,2	3,5	4,3	7,4
2018	0,9	1,2	7	2	5,4	3,3
2019	-2,2	1,4	3,9	-0,4	-0,1	-3,1
2020	-10,4	3,3	-12,8	-7,8	-4,3	-2,4
2021	4,2	2,6	1	3,3	10,8	7,5
2022	1,3	-3,6	1,4	0,1	5	-1,4

Datos en porcentaxe de variación interanual correxida de estacionalidade e calendario.
Fonte: IGE, Contas económicas trimestrais.

O [cadro 1.11](#) permite unha análise máis polo miúdo das compoñentes da demanda. Dependendo da compoñente e do trimestre, as taxas mudan de signo. Para o derradeiro trimestre de 2022, a formación bruta de capital (2,0%) é a única que recolle un crecemento, as demais compoñentes, agás a importación de bens e servizos (baixa un 5,3%) recollen unha lixeira redución, sempre inferior a 1 punto porcentual.

CADRO 1.11. PIB DE GALICIA. COMPOÑENTES DA DEMANDA. POR TRIMESTRES. 2022						
	Gasto en consumo final		Formación bruta de capital	Demanda Interna	Exportacións de bens e servizos	Importacións de bens e servizos
	Fogares e ISFLSF	AA. PP.				
Primeiro trimestre	4,2	-2,8	-1,5	1,5	4,4	-2,0
Segundo trimestre	2,4	-5,3	1,8	0,5	9,8	1,4
Terceiro trimestre	-0,5	-5,9	3,5	-1,1	7,2	0,6
Cuarto trimestre	-0,8	-0,4	2,0	-0,3	-0,8	-5,3

Datos en porcentaxe de variación interanual correxida de estacionalidade e calendario.
Fonte: IGE, Contas económicas trimestrais.

1.2.2. A PERSPECTIVA DA OFERTA

O cadro 1.12 permite analizar a evolución dende a perspectiva da oferta. En 2022, os servizos (5,8%) e máis timidamente a construción (0,7%) e a agricultura, gandería, silvicultura e pesca (0,6%) son os sectores que recollen incrementos. Pola contra, a industria (-2,0%) reflicte diminucións.

CADRO 1.12. PIB DE GALICIA. COMPOÑENTES DA OFERTA. 2013-2022				
	Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	Industria	Construción	Servizos
2013	4,9	5,7	-9,1	-0,9
2014	3,3	0,3	-0,6	1,1
2015	1,8	0,7	3,4	2,9
2016	-0,3	6,3	5,1	2,8
2017	-1,5	2,7	4,8	2
2018	0,3	8,9	2,4	2,1
2019	6,3	-7	2,1	2,9
2020	-8,7	-12,1	-11,6	-7,5
2021	0,7	3,9	-1,6	6,5
2022	0,6	-2	0,7	5,8

Datos en porcentaxe de variación interanual correxida de estacionalidade e calendario.
Fonte: IGE, Contas económicas trimestrais.

Esta información pode completarse coa análise temporal das compoñentes da oferta do PIB en Galicia en 2022. Como é habitual, o mellor comportamento prodúcese no segundo trimestre, con porcentaxes positivas en todos os sectores, especialmente en servizos (7,1%). Para o derradeiro trimestre de 2022, os servizos (2,8%) e a construción (1,9%) recollen os maiores incrementos. Pola contra, na industria (0,5%) e nos sectores de agricultura, gandería, silvicultura e pesca, os aumentos son moi discretos (0,1%).

CADRO 1.13. PIB DE GALICIA. COMPOÑENTES DA OFERTA. POR TRIMESTRES. 2022				
	Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	Industria	Construción	Servizos
Primeiro trimestre	1,4	-7,5	-1,4	9,2
Segundo trimestre	1,6	1,1	1,0	7,1
Terceiro trimestre	-0,8	-2,0	1,3	4,5
Cuarto trimestre	0,1	0,5	1,9	2,8

Datos en porcentaxe de variación interanual correxida de estacionalidade e calendario.
Fonte: IGE, Contas económicas trimestrais.

1.2.3. O PIB DAS PROVINCIAS GALEGAS

Os últimos datos publicados polo Instituto Nacional de Estatística (INE) por provincias son os correspondentes a 2020 (provisionais). No cadro 1.14 preséntase a evolución do seu crecemento económico para o período 2010-2020. Do PIB de Galicia no ano 2020 (58,6 miles de millóns de euros) as provincias atlánticas achegan un 77,3% do total. En concreto, a provincia da Coruña xerou un 43,0% e a de Pontevedra un 34,3% do PIB da comunidade galega. As provincias de Lugo (11,7%) e Ourense (10,9%) pechan a clasificación, sumando entre as dúas menos xa da cuarta parte (22,7%) do PIB de Galicia.

CADRO 1.14. PIB* A PREZOS DE MERCADO DAS PROVINCIAS GALEGAS. 2010-2020				
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
2010	24.890.993	6.976.519	6.118.338	18.781.413
2011	24.341.648	6.977.378	6.170.267	18.278.698
2012	23.395.683	6.858.968	6.062.105	17.655.093
2013	23.362.265	6.892.503	5.937.373	17.733.253
2014	23.184.391	7.068.614	5.894.745	18.042.583

CONTINÚA NA PÁXINA SEGUINTE

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
2015	24.422.145	7.433.567	6.059.605	18.751.282
2016	25.335.281	7.416.957	6.287.287	19.231.847
2017	26.009.714	7.410.760	6.494.652	20.482.770
2018	27.119.027	7.730.616	6.762.983	20.812.796
2019	27.718.066	7.763.915	7.100.820	21.637.314
2020 (p)	25.231.428	6.862.337	6.419.719	20.124.946

*A prezos correntes.

(p): datos provisionais.

Fonte: INE, Contabilidade rexional de España.

1.2.4. AS CIFRAS DE EXPLOTACIÓNS GANDEIRAS DE VACÚN DE ORIENTACIÓN LEITEIRA

Unha das actividades máis salientables no sector agro-gandeiro en Galicia é a produción de leite. De aí a necesidade de tratar esta produción de xeito diferenciado. No [cadro 1.15](#) recóllese a distribución por CC.AA. da produción de leite de vaca para 2021 (ultimo ano dispoñible), a partir do Fondo Español de Garantía Agraria (FEGA). Galicia, como é habitual, encabeza esta clasificación con gran diferenza, achegando un 39,5% do total de produción estatal, con 3,01 millóns de toneladas métricas de leite.

CADRO 1.15. PRODUCCIÓN DE LEITE*. POR CC.AA. 2021	
Andalucía	585
Aragón	179
Asturias	585
Baleares	63
Canarias	50
Cantabria	465
Castela-A Mancha	282
Castela e León	938
Cataluña	766
Extremadura	22
Galicia	3.011
Madrid	62
Murcia	64
Navarra	255
País Vasco	185
A Ríoxa	28
C. Valenciana	83
España	7.623

*En miles de toneladas métricas.

Fonte: Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación, Estadística láctea anual.

As oscilacións do prezo por litro de leite de vaca pagado ás explotacións leiteiras de Galicia teñen sempre unha importante repercusión na renda total e máis no emprego do subsector agro-gandeiro. O [cadro 1.16](#) presenta o prezo do litro do leite nas distintas CC.AA. en marzo de 2023 (último dato dispoñible).

Galicia é a terceira comunidade cun prezo máis baixo (0,533 euros/litro), só por riba de Baleares (0,516 euros/litro) e Murcia (0,526 euros/litro). Pola contra, o valor máis alto rexístrase en Canarias (0,6010 euros/litro) superando ao de Galicia en marzo de 2023 en 0,077 euros/litro.

CADRO 1.16. PREZO DO LEITE. POR CC.AA. ABRIL 2023		
	N ⁽¹⁾	Prezo ⁽²⁾
Andalucía	412	0,558
Aragón	40	0,547
Asturias	1.308	0,607
Baleares	98	0,516

CONTINÚA NA PÁXINA SEGUINTE

	N ⁽¹⁾	Prezo ⁽²⁾
Canarias	72	0,610
Cantabria	887	0,588
Castela-A Mancha	148	0,584
Castela e León	756	0,606
Cataluña	362	0,552
Estremadura	35	0,573
Galicia	5.892	0,533
Madrid	30	0,577
Murcia	19	0,526
Navarra	123	0,557
País Vasco	236	0,587
A Ríoxa	7	0,551
C. Valenciana	15	0,577

(1) N= número de explotacións lácteas incluídas neste estudo.

(2) Prezo medio ponderado. en euros por litro.

Fonte: Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, Declaracións de entrega de leite cru.

Se, no canto dunha análise estática, analízase a evolución para 2022 do prezo do leite (calculado coa ponderación dos prezos declarados polos compradores) compróbase que Galicia rexistrou unha diminución intensa e continua dende abril ata agosto, como reflicte a columna “total estratos” do [cadro 1.17](#).

- Na media das explotacións de vacún de Galicia, o prezo do leite subiu moito en Galicia entre agosto a novembro, pasando dos 46,2 aos 57,7 céntimos por litro.
- Os menores prezos percibíronos as persoas propietarias das explotacións gandeiras de menor tamaño; as do estrato 6 (de 700.001 kg/ano ou máis) cobraron en decembro de 2022 un prezo (60,0 céntimos/litro) que superou en 1,4 céntimos/litro á media (58,7 céntimos/litro), mentres que nas de menor tamaño (cota láctea inferior a 100.000 kg/ano) o prezo (49,7 céntimos/litro) quedou 8,9 céntimos por baixo desa media.

CADRO 1.17. PREZOS DO LEITE. DECLARADOS POLOS COMPRADORES. POR MESES. GALICIA 2022							
	Total estratos	Estrato 1	Estrato 2	Estrato 3	Estrato 4	Estrato 5	Estrato 6
Xaneiro	35,9	31,5	33,8	34,7	35,0	35,8	36,6
Febreiro	36,6	32,3	34,5	35,3	36,0	36,4	37,3
Marzo	37,9	33,0	35,3	36,3	37,0	37,7	38,8
Abril	40,9	35,2	37,9	38,9	40,1	40,7	41,8
Maio	42,0	36,2	39,2	40,3	41,0	41,9	42,9
Xuño	43,1	36,8	40,0	40,8	41,9	42,7	44,2
Xullo	44,7	38,0	41,3	42,3	43,3	44,4	45,9
Agosto	46,2	39,4	42,7	43,9	44,7	45,7	47,3
Setembro	48,3	41,1	44,5	45,7	46,8	47,7	49,6
Outubro	53,1	44,2	48,2	49,7	51,0	52,2	54,7
Novembro	57,7	48,3	53,1	54,6	55,8	57,2	59,0
Decembro	58,7	49,7	54,1	55,7	56,8	58,0	60,0

€/100 litros. sen IVE.

Estrato 1: Explotacións de vacún cota ata 100.000 kg de leite/ano.

Estrato 2: entre 100.001 e 200.000 kg.

Estrato 3: entre 200.001 e 300.000 kg.

Estrato 4: entre 300.001 e 400.000 kg.

Estrato 5: entre 400.001 e 700.000 kg.

Estrato 6: maior de 700.001 kg de leite/ano.

Fonte: Fondo Galego de Garantía Agraria (FEGA).

Ao fío do [cadro 1.18](#) pódese salientar que o prezo medio percibido polo litro de leite en Galicia en decembro de 2022 foi de 58,65 céntimos (23,1 céntimos/litro máis que en 2021) claro resultado da repercusión do proceso inflacionario de 2022.

CADRO 1.18. PREZO DO LEITE EN GALICIA DECLARADO POLOS COMPRADORES (EUROS/100 LITROS. SEN IVE)
2022

	Xan	Feb	Mar	Abr	Mai	Xuñ	Xull	Ago	Set	Out	Nov	Dec
Estrato 1 <100.000	31,48	32,31	33,04	35,15	36,24	36,78	38,04	39,39	41,07	44,17	48,31	49,72
Estrato 2 100.001 - 200.000	33,76	34,52	35,26	37,9	39,23	39,97	41,26	42,73	44,49	48,15	53,12	54,06
Estrato 3 200.001 - 300.000	34,67	35,25	36,32	38,92	40,31	40,78	42,26	43,94	45,72	49,68	54,62	55,67
Estrato 4 300.001 - 400.000	35,02	36,01	37	40,06	41,02	41,85	43,3	44,7	46,77	50,96	55,79	56,84
Estrato 5 400.001 - 700.000	35,77	36,41	37,7	40,71	41,9	42,73	44,43	45,74	47,71	52,18	57,18	58,03
Estrato 6 >700.001	36,63	37,28	38,77	41,81	42,85	44,22	45,93	47,32	49,57	54,69	59,04	60,03
Prezo medio ponderado	35,94	36,6	37,9	40,87	41,98	43,12	44,74	46,2	48,33	53,09	57,65	58,65

NOTA 1: Os datos do último mes correspóndense á situación das declaracións realizadas polos compradores na aplicación LacDec á data 5 de febreiro de 2019.
NOTA 2: Os datos de tramos de produción a partir de abril de 2015 non están referenciados a cota láctea; para determinar o tramo que lle corresponde a cada produtor estímase a súa produción anual con base na seguinte estacionalidade mensual: Estacionalidade da produción de leite en Galicia (peso relativo medio de cada mes nos últimos 8 períodos lácteos): xan: 8.38%; feb: 7.83%; mar: 8.82%; abr: 8.56%; mai: 8.89%; xun: 8.47%; xul: 8.65%; ago: 8.42%; set: 7.92%; out: 8.07%; nov: 7.80%; dec: 8.19%
Fonte: Fondo Galego de Garantía Agraria (FEGA).

1.3. VARIACIÓNS DO PIB E DO EMPREGO: A PRODUTIVIDADE

O obxectivo deste apartado é realizar unha análise do estado actual e máis da evolución nos últimos anos da produtividade do factor traballo na economía galega, en termos comparados coa media estatal.

1.3.1. BALANCE DO MERCADO DE TRABALLO

A análise pivota sobre dúas fontes de datos: a Enquisa de poboación activa (EPA) do INE, e as Contas económicas de Galicia do IGE.

1.3.1.1. BALANCE DE INDICADORES LABORAIS A PARTIR DOS DATOS DA EPA

O **cadro 1.19** representa a evolución de sete variables laborais (poboación activa, ocupada, asalariada, desempregada e as taxas de actividade, ocupación e paro), co obxecto de avaliar a traxectoria do mercado de traballo de Galicia en 2022.

- A taxa de actividade en Galicia en 2022 foi 0,5 puntos superior á de 2021, a taxa de ocupación 0,7 puntos superior á de 2021, e a taxa de paro 0,7 puntos por baixo da de 2021.
- A taxa de actividade de Galicia (53,0%) foi 5,7 puntos porcentuais inferior a media nacional (58,7%); a de ocupación (47,1%) foi 4,0 puntos porcentuais por baixo da media nacional (51,1%); e a de paro (11,0%) foi 1,9 puntos porcentuais inferior a media nacional (12,9%).

CADRO 1.19. BALANCE DO MERCADO DE TRABALLO. POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS.
2022

	Poboación activa	Poboación ocupada	Poboación asalariada	Poboación desempregada	Taxa de actividade	Taxa de ocupación	Taxa de paro
	Miles de persoas				Porcentaxe		
Andalucía	4.025,1	3.259,5	2.731,4	765,6	56,6	45,9	19,0
Aragón	645,3	584,7	494,9	60,6	58,8	53,3	9,4
Asturias	439,4	383,8	318,2	55,6	49,8	43,5	12,6
Baleares	664,8	592,4	489,1	72,5	64,1	57,1	10,9
Canarias	1.155,4	952,2	806,6	203,2	59,1	48,7	17,6
Cantabria	274,2	248,4	208,7	25,8	54,8	49,6	9,4
Castela e León	1.116,5	1.007,6	823,6	108,9	55,0	49,6	9,8
Castela-A Mancha	1.011,7	867,1	723,7	144,6	59,2	50,7	14,3
Cataluña	3.891,1	3.514,3	2.993,2	376,8	60,9	55,0	9,7
C. Valenciana	2.514,7	2.183,4	1.828,1	331,4	58,7	50,9	13,2
Extremadura	495,4	409,8	337,8	85,6	55,6	46,0	17,3
Galicia	1.240,4	1.103,7	900,4	136,7	53,0	47,1	11,0

CONTINÚA NA PÁXINA SEGUINTE

	Poboación activa	Poboación ocupada	Poboación asalariada	Poboación desempregada	Taxa de actividade	Taxa de ocupación	Taxa de paro
Madrid	3.593,1	3.190,1	2.819,1	403,0	63,5	56,3	11,2
Murcia	749,5	650,1	539,9	99,4	59,7	51,8	13,3
Navarra	322,6	291,7	247,6	30,9	59,0	53,3	9,6
País Vasco	1.038,6	949,3	817,0	89,3	56,5	51,6	8,6
A Ríoxa	158,5	143,4	121,3	15,1	59,8	54,2	9,5
Ceuta	40,5	29,0	25,3	11,5	62,0	44,4	28,4
Melilla	38,4	30,1	26,0	8,3	61,5	48,3	21,6
España	23.415,2	20.390,6	17.251,8	3.024,6	58,7	51,1	12,9

Datos en medias anuais.
Fonte: INE, Enquisa de poboación activa.

1.3.1.2. BALANCE DE INDICADORES LABORAIS COS DATOS DAS CONTAS ECONÓMICAS DE GALICIA

A segunda aproximación da análise da evolución do mercado de traballo de Galicia farase a partir da estatística das Contas económicas trimestrais sobre postos de traballo equivalentes a tempo completo; o que permite aproximar mellor á variación do emprego neto de Galicia. No [cadro 1.20](#) recóllense os datos dos últimos dez anos, por sectores e ramas:

- En medias anuais, a poboación ocupada de Galicia aumentou en 2022 respecto a 2021 en 21.960 persoas (en 2021 respecto ao 2020 incrementouse en 69.481).
- O aumento dos postos de traballo rexistrouse especialmente no sector servizos (17.910) e, en menor medida, na construción (2.251) e na industria (2.166). En agricultura, gandería, silvicultura e pesca recóllese certo descenso (368 persoas), reducíndose no sector de servizos non de mercado (2.712).

CADRO 1.20. EMPREGO* SEGUNDO ACTIVIDADE ECONÓMICA. GALICIA. 2013-2022										
	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022
TOTAL POBOACIÓN OCUPADA	956.961	940.518	950.736	969.142	992.100	1.004.788	1.031.861	945.931	1.015.412	1.037.372
Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	73.502	67.575	65.129	68.750	74.882	73.818	70.369	65.543	64.586	64.218
Industria	137.640	133.962	134.861	139.061	142.138	146.895	148.565	138.417	146.319	148.485
Construción	71.624	70.223	73.280	70.944	70.440	73.735	78.592	70.385	77.653	79.904
Servizos	674.195	668.758	677.466	690.387	704.640	710.340	734.335	671.586	726.855	744.765
-Comercio, transporte e hostalaría	277.856	268.931	269.308	271.998	283.282	283.878	290.396	247.182	276.234	290.213
-Información e comunicacións	14.652	15.114	16.207	17.221	18.376	19.143	19.469	19.779	20.555	21.288
-Actividades financeiras e de seguros	19.469	18.339	16.221	18.075	17.040	16.911	16.455	16.574	17.535	16.482
-Actividades inmobiliarias	6.131	6.593	7.005	6.893	7.141	7.550	7.884	7.197	7.508	7.719
-Actividades profesionais	87.262	87.345	86.351	93.492	97.741	102.305	108.069	97.208	104.163	106.287
-Administración pública (sanidade e educación)	197.187	199.897	207.531	205.369	207.059	207.562	215.320	217.822	230.152	230.397
-Actividades artísticas, recreativas e outros servizos	71.638	72.539	74.843	77.339	74.001	72.991	76.742	65.824	70.706	72.378
Servizos non de mercado	161.920	161.109	162.096	160.395	159.535	158.343	160.482	166.716	171.452	168.740

*En postos de traballo equivalentes a tempo completo.
Os datos están corrixidos de efectos estacionais e de calendario.
Fonte: IGE, Contas económicas trimestrais.

O [cadro 1.21](#) recolle, cunha estrutura semellante á do [cadro anterior](#), as porcentaxes de variación ano a ano do emprego, medidas en postos de traballo equivalentes a tempo completo. Nel salienta que os maiores incrementos producíronse no primeiro trimestre de 2022, cun aumento global do 4,1%, sendo especialmente significativo o aumento do sector servizos (5,4%) e da construción (4,9%).

CADRO 1.21. PORCENTAXE DE VARIACIÓN INTERANUAL DO EMPREGO* SEGUNDO ACTIVIDADE. GALICIA. 2016-2022										
	En medias anuais						Datos trimestrais			
	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022/I	2022/II	2022/III	2022/IV
TOTAL POBOACIÓN OCUPADA	1,9	2,4	1,3	2,7	-8,3	7,3	4,1	2,4	1,0	1,3
Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	5,6	8,9	-1,4	-4,7	-6,9	-1,5	-3,6	-2,0	-1,2	4,7
Industria	3,1	2,2	3,3	1,1	-6,8	5,7	1,0	1,8	1,5	1,7
Construción	-3,2	-0,7	4,7	6,6	-10,4	10,3	4,9	3,0	1,4	2,4
Servizos	1,9	2,1	0,8	3,4	-8,5	8,2	5,4	2,8	1,0	0,8
-Comercio, transporte e hostalaría	1,0	4,1	0,2	2,3	-14,9	11,8	11,3	5,4	2,9	1,3
-Información e comunicacións	6,3	6,7	4,2	1,7	1,6	3,9	2,8	4,3	3,7	3,5
-Actividades financeiras e de seguros	11,4	-5,7	-0,8	-2,7	0,7	5,8	-4,7	-6,1	-6,1	-7,0
-Actividades inmobiliarias	-1,6	3,6	5,7	4,4	-8,7	4,3	4,9	4,2	2,0	0,2

CONTINÚA NA PÁXINA SEGUINTE

	En medias anuais						Datos trimestrais			
	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022/I	2022/II	2022/III	2022/IV
-Actividades profesionais	8,3	4,5	4,7	5,6	-10,1	7,2	3,7	3,5	0,6	0,4
-Administración pública (sanidade e educación)	-1,0	0,8	0,2	3,7	1,2	5,7	0,8	0,2	-0,7	0,1
-Actividades artísticas, recreativas e outros servizos	3,3	-4,3	-1,4	5,1	-14,2	7,4	4,1	1,9	0,5	3,0
Servizos non de mercado	-1,0	-0,5	-0,7	1,4	3,9	2,8	-1,2	-1,3	-2,2	-1,7

*En postos de traballo equivalentes a tempo completo.
Os datos están corrixidos de efectos estacionais e de calendario.
Fonte: IGE, Contas económicas trimestrais.

A evolución do emprego neto en Galicia dende 2008, medido en postos de traballo equivalentes, preséntase no [cadro 1.22](#), que reflicte nitidamente a grande intensidade da destrución da ocupación en Galicia durante a crise de 2007. A partir de 2015 rexístrase una recuperación do emprego, que se foi reducindo de intensidade ata 2019. En 2020, produciuse unha importante caída polos efectos económicos da COVID-19, que implicou unha redución do 8,3%. En 2021 xa se rexistran porcentaxes de variacións interanuais positivas. Así, o total da poboación ocupada increméntase un 7,3%, recollendo a construción e o servizos (10,3% e 8,2%) as maiores subidas. En 2022, o incremento xeral da poboación ocupada foi do 2,2%, especialmente en construción (2,9%) e servizos (2,5%). Pola contra, en agricultura, gandería, silvicultura e pesca e servizos non de mercado recóllense taxas negativas (-0,6% e -1,6%, respectivamente).

CADRO 1.22. PORCENTAXE DE VARIACIÓN INTERANUALDO EMPREGO* SEGUNDO ACTIVIDADE. GALICIA 2008-2022						
	Total poboación ocupada	Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	Industria	Construción	Servizos	Servizos non de mercado
2008	-0,3	-6,0	-0,8	-5,7	1,6	2,7
2009	-5,7	-3,4	-10,1	-11,2	-3,8	1,9
2010	-3,4	-2,1	-4,2	-9,5	-2,2	-1,6
2011	-4,0	-2,9	-5,1	-15,6	-2,0	-4,1
2012	-5,1	-3,8	-7,5	-17,6	-2,9	-3,6
2013	-2,3	-4,0	-3,6	-10,7	-0,9	0,0
2014	-1,7	-8,1	-2,7	-2,0	-0,8	-0,5
2015	1,1	-3,6	0,7	4,4	1,3	0,6
2016	1,9	5,6	3,1	-3,2	1,9	-1,0
2017	2,4	8,9	2,2	-0,7	2,1	-0,5
2018	1,3	-1,4	3,3	4,7	0,8	-0,7
2019	2,7	-4,7	1,1	6,6	3,4	1,4
2020	-8,3	-6,9	-6,8	-10,4	-8,5	3,9
2021	7,3	-1,5	5,7	10,3	8,2	2,8
2022	2,2	-0,6	1,5	2,9	2,5	-1,6
2022/I	4,1	-3,6	1,0	4,9	5,4	-1,2
2022/II	2,4	-2,0	1,8	3,0	2,8	-1,3
2022/III	1,0	-1,2	1,5	1,4	1,0	-2,2
2022/IV	1,3	4,7	1,7	2,4	0,8	-1,7

*En postos de traballo equivalentes a tempo completo.
Os datos están corrixidos de efectos estacionais e de calendario.
Fonte: IGE, Contas económicas trimestrais.

O [cadro 1.23](#) permite afondar no estudo da principal compoñente da poboación ocupada de Galicia para o período 2013-2022, cuxos movementos recollen as tendencias por sectores previamente comentadas.

CADRO 1.23. EMPREGO ASALARIADO* SEGUNDO ACTIVIDADE ECONÓMICA GALICIA. 2013-2022										
	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022
TOTAL POBOACIÓN OCUPADA	791.827	785.136	796.237	811.555	833.266	848.520	870.208	807.004	862.632	889.921
Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	24.860	25.662	26.063	26.778	28.394	31.163	28.843	26.968	26.203	26.683
Industria	131.891	128.296	129.206	133.348	136.300	141.147	142.755	133.494	141.149	143.469
Construción	57.660	56.158	58.603	56.679	56.337	59.735	64.025	58.157	63.020	65.023
Servizos	577.416	575.020	582.365	594.750	612.235	616.475	634.585	588.385	632.260	654.746
-Comercio, transporte e hostalaría	218.289	213.404	214.889	218.704	230.991	233.220	238.033	204.994	229.229	246.713
-Información e comunicacións	13.953	14.481	15.229	16.357	17.446	18.086	18.354	18.664	19.257	19.928
-Actividades financeiras e de seguros	16.445	15.163	12.992	14.875	14.122	13.706	13.310	13.359	14.022	13.173
-Actividades inmobiliarias	5.466	5.905	6.338	6.210	6.442	6.785	7.078	6.339	6.463	6.621
-Actividades profesionais	73.523	73.953	72.420	78.791	82.877	86.737	90.576	81.476	86.370	89.699
-Administración pública (sanidade e educación)	192.218	194.306	201.137	198.664	201.268	201.569	207.329	212.031	222.705	223.373
-Actividades artísticas, recreativas e outros servizos	57.522	57.808	59.360	61.149	59.089	56.372	59.905	51.522	54.213	55.240
Servizos non de mercado	161.920	161.109	162.096	160.395	159.535	158.343	160.482	166.716	171.452	168.740

*En postos de traballo equivalentes a tempo completo.
Os datos están corrixidos de efectos estacionais e de calendario.
Fonte: IGE, Contas económicas trimestrais.

1.3.2. PRODUTIVIDADE DO TRABALLO E COMPETITIVIDADE EMPRESARIAL

O [cadro 1.24](#) amosa a produtividade aparente nominal do traballo para Galicia, no período 2012-2022. No último ano prodúcese unha importante alza neste indicador, dun 6,5% ata chegar aos 66.338 euros, o mellor indicador da serie observada.

CADRO 1.24. PRODUTIVIDADE APARENTE NOMINAL DO TRABALLO*.
2012-2022

	Produtividade	Variación interanual
2012	54.542	1,3
2013	55.618	2,0
2014	57.207	2,9
2015	58.379	2,0
2016	59.389	1,7
2017	59.894	0,9
2018	61.838	3,2
2019	61.789	-0,1
2020	62.062	0,4
2021	62.288	0,4
2022	66.338	6,5

*En postos de traballo equivalentes a tempo completo.

1.4. BENESTAR ECONÓMICO-SOCIAL: TAXAS DE POBREZA; ALTA DESIGUALDADE

1.4.1. DIFICULTADES ECONÓMICAS DOS FOGARES

A Enquisa de condicións de vida (ECV) realizada polo INE estima a nivel rexional as dificultades económicas dos fogares en 2022 (último dato dispoñible), cuantificándoas polos catro criterios que recolle o [cadro 1.25](#). Cabe salientar o seguinte:

- Un 38,7% dos fogares de Galicia non podían permitirse ir de vacacións polo menos unha semana ao ano fóra da súa casa (5,2 puntos porcentuais máis que a media estatal). Unicamente tres CC.AA. (Andalucía, Estremadura e Murcia) tiveron unha porcentaxe de fogares nesta situación superior aos galegos, mentres que as menores porcentaxes rexistráronas as CC.AA. de Madrid, a Rioxa e o País Vasco.
- Un 30,5% dos fogares galegos consideraron que non tiñan capacidade económica para facerlle fronte a gastos imprevistos (5,0 puntos porcentuais menos que a media española). As maiores porcentaxes tivéronas as CC.AA. de Canarias (58,3%) e Andalucía (45,3%), mentres que as máis baixas corresponden a Navarra (20,6%) e o País Vasco (20,1%).
- Un 7,3% dos fogares de Galicia afrontaron retrasos nos pagos relacionados coa súa vivenda principal (2,7 puntos porcentuais por baixo da media española). Neste apartado, as cidades autónomas de Ceuta (20,3%) e Melilla (18,4%) e as CC.AA. de Baleares (16,3%) e Canarias (16,1%) rexistraron as maiores porcentaxes de fogares que recoñecen retrasos, e as menores rexistráronas o País Vasco (5,0%) e Cantabria (4,9%).
- Un 7,5% dos fogares galegos tiveron moita dificultade para chegar a fin de mes (1,2 puntos porcentuais por baixo da media española). Novamente, son as cidades autónomas de Ceuta e Melilla, xunto coas CC.AA. de Canarias e Andalucía as que rexistran as maiores porcentaxes de fogares nesta situación, mentres que as menores rexistráronse na Rioxa e País Vasco.

CADRO 1.25. DIFICULTADES ECONÓMICAS DOS FOGARES. POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS.
2022

	Non pode permitirse ir de vacacións polo menos unha semana ao ano	Non ten capacidade para afrontar gastos imprevistos	Retrasos nos pagos relacionados coa vivenda principal	Moita dificultade para chegar a fin de mes
Andalucía	45,6	45,3	12,5	11,2
Aragón	24,3	26,6	6,3	5,9
Asturias	29,9	25,0	6,1	7,0
Baleares	34,9	36,5	16,3	7,1
Canarias	38,4	58,3	16,1	15,2
Cantabria	34,7	27,2	4,9	6,6
Castela e León	29,9	27,1	7,3	7,6
Castela-A Mancha	35,9	37,2	11,1	10,8
Cataluña	31,5	34,2	10,8	8,2
C. Valenciana	35,8	34,6	9,7	8,0
Estremadura	43,4	44,5	10,3	10,8
Galicia	38,7	30,5	7,3	7,5
Madrid	21,1	30,8	8,3	7,7
Murcia	43,0	44,1	10,0	8,3
Navarra	23,2	20,6	7,8	6,6
País Vasco	18,8	20,1	5,0	4,1
A Ríoxa	20,8	22,0	6,4	3,9
Ceuta	38,6	42,5	20,3	17,8
Melilla	28,6	42,2	18,4	11,5
España	33,5	35,5	10,0	8,7

Datos en porcentaxe.
Fonte: INE, Enquisa de condicións de vida (ECV)

1.4.2. INGRESOS MEDIOS POR PERSOA E POR FOGAR

Na última Enquisa de condicións de vida (ECV) con información para 2022 estímase en 12.352 euros os ingresos medios anuais netos por persoa en Galicia, fronte a unha media de 13.008 no conxunto de España. Salienta a seguinte información do [cadro 1.26](#):

- Os ingresos medios anuais netos por persoa en Galicia en 2022 están un 5,0% por baixo da media española.
- As CC.AA. cos maiores niveis per cápita foron, por este orde, País Vasco, Navarra, Madrid e Cataluña, mentres que os menores tivéronos as CC.AA. de Estremadura, Murcia, Andalucía e Canarias.
- O ingreso medio anual neto en 2022 dunha persoa residente no País Vasco está un 33,% por riba da media dunha residente en Galicia.

CADRO 1.26. CLASIFICACIÓN DAS CC.AA. DE MAIOR A MENOR INGRESO MEDIO ANUAL POR PERSOA.
2022

	Renda media por persoa
País Vasco	16.427
Navarra	15.970
Madrid	15.695
Cataluña	14.692
Aragón	14.015
Cantabria	13.811
Asturias	13.777
A Ríoxa	13.538
Castela e León	13.323
Melilla	13.089
España	13.008
Baleares	12.451
Galicia	12.352
Ceuta	12.152
C. Valenciana	11.876
Castela-A Mancha	11.037
Canarias	10.716
Andalucía	10.703
Murcia	10.632
Estremadura	10.133

Fonte: INE, Enquisa de condicións de vida (ECV)

A análise dos ingresos medios anuais netos por fogar en España entre 2010 e 2022 (cadro 1.27) permite comprobar que a evolución foi decrecente dende 2010 a 2015, e tras a mellora producida en 2016, acada en 2022 o 108,7% respecto do primeiro ano. Pola súa banda, os ingresos medios anuais netos por persoa no conxunto do Estado español aumentaron nun 115,3% dende 2010 a 2022.

CADRO 1.27. EVOLUCIÓN DOS INGRESOS MEDIOS ANUAIS POR FOGAR E POR PERSOA. ESPAÑA. 2010-2022													
	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022
Por fogar	29.634	28.206	27.747	26.775	26.154	26.092	26.730	27.558	28.417	29.132	30.690	30.552	32.216
Por persoa	11.284	10.858	10.795	10.531	10.391	10.419	10.708	11.074	11.412	11.680	12.292	12.269	13.008
Datos en euros. Fonte: INE, Enquisa de condicións de vida (ECV)													

1.4.3. A POBOACIÓN EN RISCO DE POBREZA

A ECV tamén permite coñecer a taxa de pobreza en España. No [cadro 1.28](#) preséntanse as comunidades e cidades autónomas ordenadas de menor a maior taxa de risco de pobreza para 2022. Esta información revela que:

- Galicia atópase dous puntos por baixo da media estatal (18,0% e 20,4%, respectivamente) e ocupa en 2022 unha posición intermedia entre as comunidades pola súa taxa de pobreza.
- As CC.AA. coa taxa de pobreza máis baixa en 2022 foron Navarra (10,9%) e o País Vasco (12,2%).
- No outro extremo, Canarias (29,4%) e Estremadura (30,0%) e as cidades autónomas de Melilla (34,5%) e Ceuta (34,8%) rexistraron as maiores taxas de pobreza.

CADRO 1.28. CLASIFICACIÓN DE MENOR A MAIOR POR TAXA DE POBREZA. POR CC.AA. 2022	
	Taxa
Navarra	10,9
País Vasco	12,2
Cataluña	14,5
Cantabria	14,8
Madrid	14,8
Aragón	15,0
A Ríoxa	16,6
Baleares	16,9
Castela e León	17,8
Galicia	18,0
Asturias	20,1
España	20,4
C. Valenciana	22,3
Castela-A Mancha	26,1
Murcia	26,3
Andalucía	29,1
Canarias	29,4
Estremadura	30,0
Melilla	34,5
Ceuta	34,8
Fonte: INE, Enquisa de condicións de vida (ECV)	

No [cadro 1.29](#) preséntase a evolución da poboación en risco de pobreza de Galicia e máis España de 2008 a 2022.

- Galicia rexistrou en 2022 unha suba de taxa da pobreza dende 2013 de 0,8 puntos porcentuais, e pecha 2022 cun 18,0%, despois de ter en 2014 o mellor dato (15,4%).
- Pola súa banda, a taxa media de pobreza de España non aumentou entre 2013 e 2022, situándose no 20,4%.
- A diferenza entre as dúas taxas de pobreza quedou en 2,4 puntos porcentuais en 2022.

CADRO 1.29. EVOLUCIÓN DA TAXA DE POBREZA. GALICIA E ESPAÑA. 2008-2022															
	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022
Galicia	20,9	20,6	18,1	16,1	18,3	17,2	15,4	19,4	19,0	18,7	18,8	20,0	22,1	20,2	18,0
España	19,8	20,4	20,7	20,6	20,8	20,4	22,2	22,1	22,3	21,6	21,5	20,7	21,0	21,7	20,4
Datos en porcentaxe. Fonte: INE, Enquisa de condicións de vida (ECV)															

1.4.4. DISTRIBUCIÓN DA RENDA

Un xeito de analizar a distribución da renda é calcular os quintís dos ingresos. Para iso, ordénanse todas as persoas segundo a contía dos ingresos por unidade de consumo e, posteriormente, divídense en cinco grupos iguais. O primeiro quintil corresponde ao 20% con menores ingresos e o quinto quintil corresponde ao 20% das persoas con maiores ingresos por unidade de consumo.

No **cadro 1.30** preséntase a poboación por CC.AA. por quintil de renda por unidade de consumo no ano 2022. Da análise pódese salientar que:

- Galicia é unha das CC.AA.nas que a porcentaxe de poboación no grupo de quinto quintil (14,4%) está por baixo da media estatal (20,0%). O mesmo sucede co primeiro quintil (17,8% e 20,0% para Galicia e España, respectivamente), mentres que está por riba da media española no segundo, terceiro e cuarto quintil.
- As CC.AA. coa maior porcentaxe de poboación no quinto foron Navarra (32,2%), Madrid (32,6%) e o País Vasco (34,8%).
- No primeiro quintil, as maiores porcentaxes rexistráronas as cidades autónomas de Melilla (33,5%) e Ceuta (34,6%).

CADRO 1.30. POBOACIÓN POR QUINTIL DE RENDA POR UNIDADE DE CONSUMO. POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS. 2022					
	1º quintil (menor renda): 0-20%	2º quintil (rendas intermedias): 20-40%	3º quintil (rendas intermedias): 40-60%	4º quintil (rendas intermedias): 60-80%	5º quintil (maior renda): 80-100%
Andalucía	28,4	26,0	18,2	15,0	12,4
Aragón	14,9	15,6	20,1	26,2	23,1
Asturias	19,6	19,2	18,4	21,3	21,4
Baleares	16,7	18,6	26,8	20,9	17,1
Canarias	29,3	24,4	23,2	10,5	12,7
Cantabria	14,3	20,9	24,3	20,6	19,9
Castela León	17,4	18,8	22,1	22,4	19,3
Castela-A Mancha	25,4	23,0	23,7	16,6	11,4
Cataluña	14,1	14,6	20,5	25,4	25,6
C. Valenciana	21,8	23,3	21,3	19,3	14,3
Estremadura	29,3	31,7	17,7	13,1	8,2
Galicia	17,8	22,1	22,3	23,3	14,4
Madrid	14,3	15,7	17,1	20,3	32,6
Murcia	25,6	22,1	21,8	19,4	11,0
Navarra	10,6	13,2	16,5	27,4	32,2
País Vasco	12,1	12,5	16,0	24,6	34,8
A Ríoxa	15,9	16,6	23,6	23,0	21,0
Ceuta	34,6	15,2	17,9	8,1	24,2
Melilla	33,5	10,4	12,1	15,4	28,6
España	20,0	20,0	20,0	20,0	20,0

Fonte: INE, Enquisa de condicións de vida (ECV)

1.5. PARTICIPACIÓN DOS SALARIOS NO VEB. CUSTOS LABORAIS E SALARIAIS

Para analizar a participación dos salarios no valor engadido bruto, estúdase a relevancia das remuneracións salariais no PIB de Galicia, España e a UE. Posteriormente, preséntanse as estatísticas de custos salariais e a evolución do salario mínimo interprofesional (SMI).

1.5.1. PESO DAS REMUNERACIÓNS SALARIAIS NO PIB DE GALICIA, ESPAÑA E A UE

A evolución da porcentaxe que sobre o PIB supón a remuneración da poboación asalariada para o período 2000-2022 en Galicia, España e UE recóllese no **cadro 1.31**. Anotamos os seguintes aspectos:

- En 2022 a porcentaxe de remuneración da poboación asalariada de Galicia no PIB (44,0%) é menor que a estatal (46,9%). As diferenzas coa media estatal e a UE son de 2,9 e 3,0 puntos, respectivamente.
- A participación das remuneracións no PIB en Galicia rexistra un descenso respecto ao ano pasado ao pasar do 46,2% en 2021 ao 44,0% en 2022, na liña do acontecido en contexto estatal.

CADRO 1.31. PORCENTAXE DA REMUNERACIÓN DAS PERSOAS ASALARIADAS NO PIB.
GALICIA, ESPAÑA, EUROPA. 2000-2022

	Galicia	España	UE 27
2000	45,8	48,8	47,5
2001	45,2	48,1	47,3
2002	45,2	47,8	47,3
2003	45,1	47,3	47,3
2004	44,3	47,2	46,6
2005	44,2	46,9	46,4
2006	44,5	47,0	45,9
2007	45,4	47,3	45,5
2008	46,4	49,0	46,4
2009	48,0	49,6	47,9
2010	47,1	49,1	47,3
2011	47,5	48,3	47,0
2012	46,2	46,7	47,3
2013	45,9	45,8	47,3
2014	44,9	45,9	47,2
2015	44,7	45,7	46,8
2016	44,1	45,2	47,0
2017	43,8	45,0	47,0
2018	44,0	45,3	47,3
2019	45,3	46,5	47,5
2020	47,3	49,7	48,7
2021	46,2	48,5	47,7
2022	44,0	46,9	47,0

Datos en porcentaxe.
Fonte: IGE, Estudo sobre salarios.

1.5.2. CUSTOS LABORAIS. XORNADA LABORAL

O [cadro 1.32](#) recolle os custos laborais por CC.AA. dende unha dobre perspectiva: por persoa traballadora e mes e por hora efectiva de traballo. No que atinxe á primeira variable, o custo laboral en 2022 en Galicia foi 2.706 euros. Polo que respecta ao custo laboral por hora efectiva, en 2022 ascende ata os 21,1 euros. Os resultados anteriores reflicten un aumento do 1,6% e do 0,1% entre 2021 e 2022 para o custe laboral por persoa traballadora e mes e o custe laboral por hora efectiva, respectivamente, uns incrementos sensiblemente inferiores ao producidos en España.

CADRO 1.32. CUSTOS LABORAIS. POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS.
GALICIA, ESPAÑA E EUROPA. CUARTO TRIMESTRE DO 2022

	Custo laboral por persoa traballadora e mes		Custo laboral por hora efectiva	
	Euros	% var.*	Euros	% var.*
Andalucía	2.628	3,8	20,6	2,3
Aragón	2.920	4,0	23,3	3,7
Asturias	2.957	2,9	24,5	2,8
Baleares	2.939	7,0	23,0	6,4
Canarias	2.475	4,9	19,2	2,8
Cantabria	2.858	8,4	22,9	8,0
Castela León	2.787	6,0	22,8	7,5
Castela-A Mancha	2.695	4,9	21,2	4,2
Cataluña	3.215	4,2	25,2	3,8
C. Valenciana	2.677	4,1	20,9	3,1
Extremadura	2.479	7,7	20,0	6,9
Galicia	2.706	1,6	21,1	0,1
Madrid	3.492	3,8	26,8	3,9
Murcia	2.681	0,3	21,4	1,4
Navarra	3.302	5,9	26,7	4,0
País Vasco	3.565	5,4	29,1	5,1
A Ríoxa	2.764	5,7	21,9	3,2
España	2.997	4,2	23,6	3,7

*Sobre cuarto trimestre do ano anterior.
Fonte: INE, Enquisa trimestral de custo laboral.

A media estatal do custo salarial por persoa traballadora e mes a escala nacional foi de 2.268 euros en 2022, un importe claramente superior ao de 2021 (2.166 euros). A desagregación deste dato por CC.AA. permite observar que o maior custo laboral atópase no País Vasco (2.693 euros) e Madrid (2.690 euros). Estremadura (1.866 euros) e Canarias (1.834 euros) pecharon a clasificación. En Galicia foi de 2.036 euros. As CC.AA. cunha maior suba porcentual no seu custo salarial en 2022 foron Cantabria (8,6%) e Estremadura (7,7%). Pola contra, Murcia (1,0%) e Asturias (3,2%) ocupan a parte baixa desta distribución.

CADRO 1.33. CUSTOS SALARIAIS. POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS.
CUARTO TRIMESTRE DO 2022

	Custo salarial por persoa traballadora e mes		Custo salarial por hora efectiva	
	Euros	% var.*	Euros	% var.*
Andalucía	1.965	4,2	15,4	2,8
Aragón	2.190	4,5	17,5	4,2
Asturias	2.245	3,2	18,6	3,2
Baleares	2.220	7,5	17,4	7,0
Canarias	1.834	5,2	14,2	3,0
Cantabria	2.151	8,6	17,2	8,2
Castela León	2.115	6,2	17,3	7,7
Castela-A Mancha	2.009	5,5	15,8	4,9
Cataluña	2.443	4,7	19,2	4,3
C. Valenciana	1.999	4,4	15,6	3,4
Estremadura	1.866	7,7	15,0	6,8
Galicia	2.036	2,7	15,9	1,2
Madrid	2.690	4,2	20,7	4,3
Murcia	2.022	1,0	16,1	2,2
Navarra	2.503	6,6	20,3	4,8
País Vasco	2.693	6,2	22,0	5,9
A Ríoxa	2.066	5,4	16,4	2,9
España	2.268	4,7	17,8	4,1

*Sobre cuarto trimestre do ano anterior.
Fonte: INE, Enquisa trimestral de custo laboral.

No [cadro 1.34](#) preséntase por CC.AA. a xornada laboral por persoa traballadora e mes no cuarto trimestre dende unha tripla vertente: total de persoas traballadoras, as que traballan a tempo completo e as que o fan a tempo parcial.

Para Galicia, a xornada laboral pactada en 2022 foi de 153,2 horas (en 2021 foi de 152,7 horas). Polo que respecta ao traballo a tempo completo, a cantidade foi de 169,3 horas en 2022, practicamente a mesma cifra que en 2021 (169,5 horas). Por ultimo, no relacionado coa xornada a tempo parcial, foi de 91,7 horas en 2022, dúas horas máis que no ano precedente (89,7 horas).

CADRO 1.34. XORNADA LABORAL. POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS.
CUARTO TRIMESTRE DO 2022

	Xornada laboral (horas pactadas)		
	Total traballadores/as	Tempo completo	Tempo parcial
Andalucía	150,4	169,4	95,1
Aragón	152,2	168,8	86,5
Asturias	147,9	165,6	84,0
Baleares	152,3	168,9	112,9
Canarias	154,7	170,0	93,2
Cantabria	150,9	167,9	90,5
Castela León	147,9	168,0	85,2
Castela-A Mancha	150,0	167,0	87,7
Cataluña	151,5	169,3	88,2

CONTINUÍA NA PÁXINA SEGUINTE

Xornada laboral (horas pactadas)			
	Total traballadores/as	Tempo completo	Tempo parcial
C. Valenciana	150,0	169,0	93,5
Estremadura	147,9	167,0	85,3
Galicia	153,2	169,3	91,7
Madrid	154,1	168,9	93,1
Murcia	149,3	169,0	87,3
Navarra	148,5	166,1	85,7
País Vasco	147,8	163,9	83,6
A Ríoxa	149,6	167,4	87,3
España	151,3	168,6	91,4

Fonte: INE, Enquisa trimestral de custo laboral.

O número de vacantes de postos de traballo en Galicia ao remate do ano 2022 foi de 4.811 (cadro 1.35), o que supón un 3,4% do total (2,8% en 2021), moi por baixo das porcentaxes relativas no total español en poboación ou PIB. Este mesmo cadro permite coñecer os motivos principais de non existencia de vacantes, desagregado por CC.AA. e a nivel estatal. Entre estes, destacan claramente os relacionados coa ausencia de necesidade de contratación.

CADRO 1.35. VACANTES OU MOTIVOS POLOS QUE NON EXISTEN. POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS. CUARTO TRIMESTRE DO 2022					
	Vacantes	% en cada CC.AA. sobre total de vacantes	Motivos polos que non existen vacantes (distribución autonómica)		
			Non se necesita ningún traballador	Elevado coste de contratación	Outros
Andalucía	22.184	15,8	93,7	4,8	1,5
Aragón	3.865	2,8	93,4	3,6	3,0
Asturias	2.740	1,9	94,0	4,3	1,7
Baleares	3.051	2,2	94,1	3,3	2,6
Canarias	4.158	3,0	91,3	5,6	3,1
Cantabria	1.239	0,9	89,5	6,6	3,9
Castela e León	12.015	8,6	91,5	4,0	4,5
Castela-A Mancha	5.670	4,0	94,0	4,5	1,5
Cataluña	26.544	18,9	95,2	2,5	2,3
C. Valenciana	14.397	10,2	95,9	2,5	1,6
Estremadura	1.380	1,0	93,1	6,2	0,7
Galicia	4.811	3,4	91,7	4,2	4,1
Madrid	27.551	19,6	96,6	1,8	1,6
Murcia	2.050	1,5	94,3	3,7	2,0
Navarra	2.893	2,1	94,6	2,1	3,3
País Vasco	5.601	4,0	93,4	4,2	2,4
A Ríoxa	369	0,3	93,8	4,1	2,1
Total	140.517	100,0	94,2	3,6	2,2

Fonte: INE, Enquisa trimestral de custo laboral.

1.5.3. O SALARIO MÍNIMO INTERPROFESIONAL (SMI)

O SMI a 1 de xaneiro de 2022 en España foi de 1.167 euros/mes (incluíndo a pro rata das pagas extraordinarias) fronte aos 1.126 euros de 2021. A súa contía actual en España experimentou unha importante suba nos últimos anos. Porén, o SMI en España é o 48,9% do percibido en Luxemburgo ou o 61,1% do vixente en Irlanda (cadro 1.36).

CADRO 1.36. SALARIO MÍNIMO INTERPROFESIONAL. ESPAÑA E OUTROS ESTADOS DA UE. 2022	
	Euros/mes
Luxemburgo	2.387
Irlanda	1.910
Bélxica	1.955
Alemaña	1.987
Francia	1.709
España	1.167
Portugal	887
Grecia	832
Polonia	746

(*) Inclúe o prorrateo das pagas extraordinarias.
Fonte: Eurostat.

O moi limitado incremento do SMI no trienio 2012-2014 (0,6%), contrasta co importante aumento de 2016 a 2017 (8,0%) e entre 2017 a 2018 (4,0%) e sobre todo entre 2018 e 2019 (22,3%), tal como reflicte o [cadro 1.37](#). En 2020 subiu un 5,5%. En 2021 situouse no mesmo nivel que 2020, en 950 euros mensuais (13.300 euros anuais repartidos en 14 pagas). En 2022 aprobouse unha nova suba ata os 1.000 euros e en 2023 ascendeu ata os 1.080 euros. Entre 2017 e 2022 a suba total do SMI foi de 372,30 euros, un aumento do 52,6%.

CADRO 1.37. SALARIO MÍNIMO INTERPROFESIONAL.
ESPAÑA. 2008-2023

	€/día	€/mes	Incremento %
2008	20,00	600,00	5,15
2009	20,80	624,00	4,00
2010	21,11	633,30	1,49
2011	21,38	641,40	1,28
2012	21,38	641,40	0,00
2013	21,51	645,30	0,61
2014	21,51	645,30	0,00
2015	21,62	648,60	0,51
2016	21,84	655,20	1,02
2017	23,59	707,70	8,01
2018	24,53	735,90	3,98
2019	30,00	900,00	22,30
2020	31,66	950,00	5,56
2021	31,66	950,00	0,00
2022	33,33	1000,00	5,26
2023	36,00	1080,00	8,00

Fonte: Ministerio de Empleo e Economía Social.

1.6. A VARIACIÓN DO IPC

O [cadro 1.38.a](#) recolle a evolución nos últimos dezasete anos das taxas de inflación de Galicia e España (taxas de variación interanuais en porcentaxe a decembro de cada ano).

Tras unha etapa ordinaria de incrementos entre 2006 e 2013, durante o bienio 2014-2015 os prezos en Galicia tiveron un comportamento extraordinario: diminuíron, para logo aumentar en 2016. En 2017 foi do 1,2%, en 2018 do 1% e en 2019 do 0,7%. En 2020, por mor da pandemia, a inflación en Galicia rexistrou unha variación negativa (-0,4%), para logo aumentar en 2021 e 2022, cunha taxas do 6,7% e do 6,4%, respectivamente.

Para España, a evolución foi, en liñas xerais, a mesma, aínda que superior nunha décima no 2020 respecto de Galicia. En 2021 cambia a tendencia e rexístrase un aumento do 6,7% en Galicia e do 6,5% en España; en 2022 a taxa a nivel nacional foi do 5,7%, sete décimas inferior a Galicia. O [cadro 1.38b](#) recolle a comparativa por CC.AA.

CADRO 1.38A. PORCENTAXE DE VARIACIÓN DO IPC.
GALICIA E ESPAÑA. 2006-2022

	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022
Galicia	2,6	4,1	1,2	0,9	3,1	2,5	2,6	0,5	-1,0	-0,2	1,6	1,2	1,0	0,7	-0,4	6,7	6,4
España	2,7	4,2	1,4	0,8	3,0	2,4	2,9	0,3	-1,0	0,0	1,6	1,1	1,2	0,8	-0,5	6,5	5,7

Taxas de variacións interanuais en % a decembro de cada ano.
Fonte: INE. IPC.

CADRO 1.38B. PORCENTAXE DE VARIACIÓN DO IPC.
2022

	IPC xeral
Andalucía	6,2
Aragón	5,9
Asturias	5,8
Baleares	5,5
Canarias	5,8
Cantabria	5,3
Castela León	6,5

CONTINÚA NA PÁXINA SEGUINTE

	IPC xeral
Castela-A Mancha	6,8
Cataluña	5,2
C. Valenciana	5,5
Extremadura	6,5
Galicia	6,4
Madrid	4,9
Murcia	6,3
Navarra	6,4
País Vasco	5,4
A Ríoxa	5,8
Ceuta	6,2
Melilla	6,6
España	5,7

Taxas de variacións interanuais en % a decembro de cada ano.
Fonte: INE, IPC.

A inflación subxacente, que é aquela que non ten en conta a variación dos prezos dos produtos enerxéticos nin dos alimentos non elaborados, rematou en 2022 en Galicia no 7,8% (2,1% en 2021),un resultado lixeiramente superior a media nacional (7,0% en 2022). A menor variación recóllena Cataluña (6,5%) e Madrid (6,0%), e a maior Melilla (8,0%). Nesta clasificación, Galicia é a segunda comunidade autónoma que sofre unha maior suba na inflación subxacente.

CADRO 1.39A. INFLACIÓN SUBXACENTE*. GALICIA E ESPAÑA. 2009-2022														
	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022
Galicia	0,2	1,4	1,6	2,2	0,3	-0,1	1,0	0,9	0,8	0,8	1,1	0,4	2,1	7,8
España	0,3	1,5	1,5	2,1	0,2	0,0	0,9	1,0	0,8	0,9	1,0	0,1	2,1	7,0

*Índice xeral sen alimentos non elaborados nin produtos enerxéticos.
Taxas de variacións interanuais en % a decembro de cada ano.
Fonte: INE, IPC.

CADRO 1.93B. INFLACIÓN SUBXACENTE. 2022	
	IPC xeral sen alimentos non elaborados nin produtos enerxéticos
Andalucía	7,7
Aragón	7
Asturias	6,8
Baleares	7,1
Canarias	7,1
Cantabria	6,6
Castela León	7,4
Castela-A Mancha	7,8
Cataluña	6,5
C. Valenciana	7,1
Extremadura	7,6
Galicia	7,8
Madrid	6
Murcia	7,7
Navarra	7,3
País Vasco	6,7
A Ríoxa	7,4
Ceuta	7,3
Melilla	8
España	7

Taxas de variacións interanuais en % a decembro de cada ano.
Fonte: INE, IPC.

A información do [cadro 1.40.a](#) ofrece a desagregación nos doce grupos de gasto do IPC e a súa taxa de variación entre 2009 e 2022 en Galicia. Obsérvase nel que en 2022:

- Diminuíron os prezos en vivenda (-3,8%), comunicacións (-1,9%) e ensino (-1,0%).
- As maiores subas rexistráronse en alimentos e bebidas non alcohólicas (16,2%) e hoteis, cafés e restaurantes (9,2%).

O [cadro 1.40b](#) recolle a comparativa por grupos de gasto.

CADRO 1.40A. IPC POR GRUPOS DE GASTO. GALICIA. 2009-2022														
	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022
1. Alimentos e bebidas non alcohólicas	-2,0	0,5	2,7	2,5	1,5	0,1	1,4	1,0	1,4	1,4	1,2	1,8	4,8	16,2
2. Bebidas alcohólicas e tabaco	11,3	13,9	3,7	5,8	5,0	-0,4	1,2	0,9	1,8	1,6	-0,1	-0,3	1,2	8,0
3. Vestido e calzado	-0,9	0,5	0,3	0,3	0,1	0,4	0,5	0,8	0,4	0,9	0,9	0,7	0,9	1,8
4. Vivenda	0,8	7,3	7,0	6,4	0,4	-0,9	-3,2	0,8	1,7	2,4	-5,4	-0,7	27,1	-3,8
5. Enxoval	1,0	0,7	1,6	1,2	0,5	-1,3	0,6	-0,5	-0,1	0,3	0,8	0,6	2,6	8,6
6. Sanidade	-0,7	-0,1	-2,3	11,1	1,6	-0,2	0,2	1,4	0,3	1,1	1,1	0,5	2,2	1,5
7. Transporte	4,1	9,1	4,6	2,1	1,1	-4,2	-2,8	4,7	2,4	-0,4	3,4	-4,5	10,8	4,3
8. Comunicacións	-0,3	-0,7	-1,6	-2,8	-6,6	-5,7	0,4	3,3	0,2	2,2	0,6	-4,1	-0,3	-1,9
9. Ocio e cultura	-0,6	-0,9	0,6	0,7	-0,7	-1,8	0,1	0,2	-0,6	-0,6	-0,4	-1,4	1,5	3,1
10. Ensino	2,6	2,1	3,2	4,0	1,6	1,0	0,6	1,6	1,0	1,3	1,8	1,3	1,5	-1,0
11. Hoteis, cafés e restaurantes	1,8	2,1	1,6	1,4	0,5	0,5	0,9	1,3	2,1	2,0	3,0	1,4	2,7	9,2
12. Outros	1,9	2,5	2,0	3,6	-0,1	0,7	1,4	1,6	0,0	0,8	1,0	1,2	1,3	5,5
VARIACIÓN XERAL DO IPC	0,9	3,1	2,5	2,6	0,5	-1,0	-0,2	1,6	1,2	1,0	0,7	-0,4	6,7	6,4

Taxas de variación interanuais en % a decembro de cada ano.
Fonte: INE, IPC.

CADRO 1.40B. IPC POR GRUPOS DE GASTO. POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS. 2022													
	1 Alimentos e bebidas non alcohólicas	2 Bebidas alcohólicas e tabaco	3 Vestido e calzado	4 Vivenda	5 Enxoval	6 Sanidade	7 Transporte	8 Comunicacións	9 Ocio e cultura	10 Ensino	11 Hoteis, cafés e restaurantes	12 Outros	IPC xeral
Andalucía	17	7,8	1,2	-7,8	9,3	0,9	4,3	-1,9	2,9	2,7	8,8	4,5	6,2
Aragón	15,8	6,5	3,3	-3	7,8	1,8	3,5	-1,9	4,1	3	6,8	4,5	5,9
Asturias	15,4	7	3,4	-3,2	10,1	-0,1	4,1	-1,9	3,9	2,7	7	3,4	5,8
Baleares	14,2	8,9	3,1	-6,2	9,1	1,7	4,8	-1,8	5,9	3,5	8,3	4,5	5,5
Canarias	15,3	4,3	-2,7	-6	8,4	0,9	5,6	-1,9	4,2	2,3	8,8	5	5,8
Cantabria	15,3	7,5	-0,4	-4,5	6,9	0,6	2,5	-1,7	3,9	2,6	6,9	5,1	5,3
Castela León	17	7,1	1,5	-2,2	7,9	0,4	4,5	-1,9	3	1,4	7,8	4,6	6,5
Castela-A Mancha	16,5	8	2,8	-1,7	8,8	0,3	4	-1,8	3,1	2,3	8,8	4,6	6,8
Cataluña	13,4	6,7	4,3	-2,5	8,5	2,5	2,3	-1,9	5,1	-0,1	6,4	3,8	5,2
C. Valenciana	16	6,8	1	-7,9	8,4	0,4	4,7	-2	2,9	1,4	8,2	4,4	5,5
Extremadura	19,3	7,9	-3,5	-8,1	6,3	-0,3	4,1	-1,9	0,5	1,4	9,1	5,3	6,5
Galicia	16,2	8	1,8	-3,8	8,6	1,5	4,3	-1,9	3,1	-1	9,2	5,5	6,4
Madrid	15,7	6,9	0,6	-3,3	7,4	0,1	0,5	-1,8	3,8	1,5	8,1	4,6	4,9
Murcia	16,6	7,4	3,2	-6,1	10,7	1,6	3,9	-1,9	3,7	1,5	7,6	4,6	6,3
Navarra	15,9	7,7	3,5	0,1	9,8	1,2	4,6	-2	4,3	2,4	6,2	4,1	6,4
País Vasco	15,1	6,9	1,9	-5,3	8,6	0,8	3	-1,8	4,3	1,9	6,3	4,6	5,4
A Rioxa	14	7,6	3,8	-3,8	8,2	1,9	4,2	-1,9	4,5	3,7	7,9	5,4	5,8
Ceuta	17	10	6,6	-6,8	6,9	-0,1	0,6	-1,6	3,2	0,9	5,1	3,2	6,2
Melilla	18,9	8,3	0,6	-7,5	8,1	2,5	2,9	-1,9	2,1	1,9	8,8	3,9	6,6
España	15,7	7,2	1,8	-4,5	8,5	1	3,3	-1,9	3,8	1,4	7,8	4,5	5,7

Taxas de variacións interanuais en % a decembro de cada ano.
Fonte: INE, IPC.

1.7. COMERCIO EXTERIOR

Cando se analiza o comercio exterior galego, podemos referirnos a tres dimensións: i) ao importe global das transaccións con orixe ou destino en Galicia (total do comercio exterior galego); ii) tan só a unha parte dese total do comercio exterior galego: ás compravendas de Galicia co estranxeiro (ou o que é o mesmo, a parte correspondente a Galicia do comercio internacional español). Esta adoita ser a máis usada na literatura económica tradicional, pero cremos que a súa denominación pode resultar confusa; por iso, chamáremoslle comercio internacional de Galicia; e iii) á outra parte do total do comercio exterior galego: as transaccións de Galicia coas outras CC.AA; chamáremoslle comercio galego intraestatal.

1.7.1. COMERCIO INTERNACIONAL GALEGO

O valor das exportacións/expedicións de Galicia ao estranxeiro acadou en 2022 os 29.886,06 millóns de euros (25.269,6 millóns en 2021), mentres que as importacións foron de 27.083,8 millóns de euros (20.115,6 millóns en 2021). A diferenza foi de 2.802,29 millóns (5.154 millóns en 2021) ([cadro 1.41](#)).

Consecuentemente co superávit nas compravendas de Galicia co estranxeiro, a taxa de cobertura para Galicia (porcentaxe do valor das exportacións sobre o das importacións) quedou moi por riba do valor 100 (equilibrio da balanza comercial). En 2022 a taxa de cobertura do comercio internacional galego ascendeu ao 110,4% ou o que é o mesmo, o valor das exportacións galegas ao estranxeiro cubriu o importe das importacións e acadou ademais un 10,4% de marxe.

A desagregación provincial nas exportacións amosa que a provincia de Pontevedra (43,8% do total galego) e a da Coruña (49,6%) volveron ser en 2022 os sólidos piares das nosas exportacións, xa que logo, o importe conxunto das compras do estranxeiro destas dúas provincias acadou en 2022 un 93,4% do total galego).

No [cadro 1.42](#) preséntanse os indicadores básicos de comercio exterior para 2022 por CC.AA.

CADRO 1.41. COMERCIO EXTERIOR DE GALICIA (E DISTRIBUCIÓN PROVINCIAL). INDICADORES BÁSICOS.
2022

	EXPORTACIÓN				IMPORTACIÓN				SALDO	COBERT.
	Millóns €	IProv ⁽¹⁾	TVA ⁽²⁾	CProv a TVA ⁽³⁾	Millóns €	IProv ⁽¹⁾	TVA ⁽²⁾	CProv a TVA ⁽³⁾	Millóns €	%
A Coruña	14.830,55	49,62	29,44	13,35	13.549,33	50,03	72,42	28,29	1.281,21	109,46
Lugo	754,98	2,53	4,40	0,13	782,65	2,89	30,95	0,92	-27,66	96,47
Ourense	1.226,68	4,10	20,69	0,83	866,29	3,20	30,48	1,01	360,39	141,60
Pontevedra	13.073,87	43,75	8,29	3,96	11.885,52	43,88	8,09	4,42	1.188,35	110,00
Galicia	29.886,08	100,00	18,27	18,27	27.083,79	100,00	34,64	34,64	2.802,29	110,35

(1) IProv: incidencia provincial na exportación/importación de Galicia (en porcentaxe)
(2) TVA: taxa de variación interanual (respecto a igual período do ano anterior). en porcentaxe.
(3) CProv a TVA de Galicia: contribución provincial á taxa de variación interanual rexistrada por Galicia.
Fonte: Ministerio de Economía e Competitividade, Informe anual da Dirección Territorial de Comercio en Galicia.

CADRO 1.42. COMERCIO EXTERIOR DE ESPAÑA. POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS. INDICADORES BÁSICOS.
2022

	EXPORTACIÓN				IMPORTACIÓN				SALDO	COBERT.	EXP+IMP
	Valor (mil. €)	ICom ⁽¹⁾	TVA ⁽²⁾	Ccom a TVA ⁽³⁾	Valor (mil. €)	ICom ⁽¹⁾	TVA ⁽²⁾	Ccom a TVA ⁽³⁾	Valor (mil. €)	%	Valor (mil. €)
España	389.208,9	100,0	22,9	22,9	457.321,2	100,0	33,4	33,4	-68.112,2	85,1	846.530,1
Cataluña	94.926,7	24,4	17,9	4,5	111.798,9	24,5	23,6	6,2	-16.872,2	84,9	206.725,6
Madrid	59.079,3	15,2	48,2	6,1	110.618,5	24,2	35,6	8,5	-51.539,2	53,4	169.697,7
Andalucía	42.957,7	11,0	24,3	2,7	47.168,0	10,3	42,1	4,1	-4.210,3	91,1	90.125,6
Valencia	39.621,8	10,2	22,2	2,3	39.298,7	8,6	31,7	2,8	323,1	100,8	78.920,5
País Vasco	32.556,4	8,4	26,9	2,2	29.444,4	6,4	39,9	2,5	3.112,0	110,6	62.000,8
Galicia	29.886,1	7,7	18,3	1,5	27.083,8	5,9	34,6	2,0	2.802,3	110,4	56.969,9
Murcia	14.408,9	3,7	18,6	0,7	18.801,2	4,1	72,4	2,3	-4.392,2	76,6	33.210,1
Aragón	16.423,0	4,2	13,9	0,6	14.717,4	3,2	20,4	0,7	1.705,7	111,6	31.140,4
Castela e León	14.812,7	3,8	-0,2	0,0	13.896,4	3,0	33,4	1,0	916,3	106,6	28.709,0
Castela-A Mancha	10.272,6	2,6	13,5	0,4	14.636,7	3,2	31,8	1,0	-4.364,1	70,2	24.909,3
Navarra	10.700,7	2,8	12,7	0,4	7.281,4	1,6	28,4	0,5	3.419,3	147,0	17.982,1
Asturias	6.177,2	1,6	19,1	0,3	6.856,1	1,5	47,7	0,7	-679,0	90,1	13.033,3
Canarias	3.275,0	0,8	71,3	0,4	3.942,5	0,9	45,8	0,4	-667,5	83,1	7.217,5
Cantabria	3.510,2	0,9	18,3	0,2	3.077,6	0,7	24,8	0,2	432,6	114,1	6.587,9
Extremadura	2.977,1	0,8	24,7	0,2	2.287,8	0,5	19,5	0,1	689,3	130,1	5.264,9
Non determinado	2.894,5	0,7	31,6	0,2	2.047,3	0,5	26,7	0,1	847,2	141,4	4.941,8
Baleares	2.604,4	0,7	45,3	0,3	2.256,4	0,5	64,9	0,3	348,0	115,4	4.860,8
A Ríoxa	2.082,7	0,5	13,2	0,1	1.705,5	0,4	23,5	0,1	377,2	122,1	3.788,2
Ceuta	27,6	0,0	-7,5	0,0	384,8	0,1	162,8	0,1	-357,2	7,2	412,4
Melilla	14,4	0,0	-15,8	0,0	17,9	0,0	20,0	0,0	-3,6	80,1	32,3

(1) ICom: incidencia autonómica na exportación/importación de España (en porcentaxe)
(2) TVA: taxa de variación interanual (respecto a igual período do ano anterior). En porcentaxe.
(3) CCom a TVA de España: contribución autonómica á taxa de variación interanual rexistrada por España.
Fonte: Ministerio de Economía e Competitividade, Informe anual da Dirección Territorial de Comercio en Galicia.

1.7.2. COMERCIO GALEGO CON OUTRAS COMUNIDADES AUTÓNOMAS

Desafortunadamente, non contamos con estatísticas oficiais sobre comercio interrexional en España. O que si temos é a estimación global das exportacións de bens e servizos de Galicia, incluíndo o resto de España. Os datos para o período 2015-2022 aparecen recollidos no cadro 1.43. Como se pode comprobar, 2022 recolle un saldo positivo (3.710,2 millóns de euros).

CADRO 1.43. EXPORTACIÓNS E IMPORTACIÓNS DE BENS E SERVIZOS EN GALICIA. 2015-2022								
	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022
Exportacións	28.219	28.815	30.519	32.900	33.230	31.508	37.178	45.094
Importacións	29.079	28.589	31.180	32.777	31.993	30.495	34.861	41.383
Saldo neto	-860	227	-661	123	1.238	1.013	2.316	3.710

Datos en millóns de euros.
Fonte: IGE, Contas económicas trimestrais.

CGRL.GAL/ES

